



**ASETEM**

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA  
E INDUSTRIA  
Dirección Xeral de Comercio



## EMPRESA

As Rebaixas de verán chegan aos comercios de proximidade da vila P10

## MELIDE

O IES amplía a súa oferta educativa para o vindeiro curso escolar P13

## LECER

Celtas Cortos e Tanxugueiras actuarán nas Festas de San Roque P14

## ENTREVISTA



**Alberto Rodríguez,**  
Pastelería  
Estilo P23

# Cerne

## O xornal da Terra de Melide

Ano XIX - Nº 221. Xullo 2024. Distribución gratuíta

## O 'Mercamelide na Rúa' celebrará unha nova edición os días 9, 10 e 11 de agosto

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide, en colaboración co Concello de Melide, celebrará o 'Mercamelide na Rúa' entre os días 9 e 11 de agosto.

Nesta nova edición da feira de oportunidades de verán, participarán varios establecementos locais. Durante a segunda fin de semana de agosto, os comercios de proximidade participantes ofrecerán descontos e ofertas especiais nunha ampla variedade de produtos e artigos. P3



## Os Benxamíns consiguen o ascenso de categoría



Os Benxamíns do CIRE consiguen o ascenso de categoría para a vindeira temporada. A maiores, o club remata a temporada poñendo as bases dun equipo sénior ambicioso. P18

## "Ser familia de acollida non se pode dicir en palabras"



Rafael e Edi son familia de acollida dende o 2014, momento no que Valeria chegou ás súas vidas. Logo de varios anos sen poder verse contan como é a súa experiencia como familia de acollida. P21

**ESPOMASA**  
CTRA MELIDE-TOQUES KM8  
L - V 7:00 a 14:00 15:30 a 18:30  
SÁBADOS 10:30 a 13:30

**el almacén del colchón**  
by ESPOMASA  
N-547, 15800  
Furelos, A Coruña  
L - S 10:00 a 14:00  
16:30 a 20:30

**REBAJAS DE VERANO**  
**COMPRA AHORA Y DISFRUTA DE UN VERANO DE DESCANSO**  
ADEMÁS CON CADA COMPRA UN REGALO ASEGURADO  
**TE LO LLEVAMOS A CASA** **FINANCIAMOS TU COMPRA**

## Tribuna de opinión O colectivo LGTBIQ+ é un orgullo

Marrocos, Exipto, Malasia, Sri Lanka, Libia, Afganistán ou Nigeria son só algúns dos máis de 60 países nos que aínda se criminaliza ser homosexual. En Brunéi, Irán, Mauritania, Qatar, Arabia Saudí, Uganda e Yemen ter relacións con persoas do teu mesmo sexo está condenado coa pena de morte.

Isto pode parecer cousa de países "pouco avanzados" máis non é así. Unha enquisa realizada en España por 40dB, publicada a finais de xuño, sinala que a metade das persoas LGTBIQ+ foron agredidas. O pasado verán, dous futbolistas profesionais recibiron insultos homófobos por levar bolso a unha voda. Na cidade de Madrid, este ano o cartel das festas do orgullo do colectivo identificaos con preservativos, tacóns e alcohol. A maioría da cidadanía, coñecemos a pais que regañan aos seus fillos por pintar as unllas ou xogar con bonecas porque iso, é de "maricas".



Dúas mans entrelazadas cunhas pulseiras da bandeira LGTBIQ+. / Foto: iStock

Non obstante, a homofobia non é algo que resida exclusivamente nas xeracións máis maiores, ao 27% de homes, nados entre o 1995 e principios do 2000, incomódalles moito ou bastante ver unha parella homosexual. Se nos fixamos nas cifras doutras xeracións máis vellas os datos descendén ata o 11% ou 10%. No caso das mulleres, en ningunha idade supera o 9%.

Un 35,1%, das persoas preguntadas na enquisa de 40dB, evita expresar a súa orientación sexual se-

xual ou identidade de xénero en espazos públicos por medo a sufrir discriminación.

É certo que se avanzou en dereitos do colectivo LGTBIQ+. Actualmente, boa parte da poboación coñece, emprega, respecta e/ou síntese identificada con termos como: bisexual, homosexual, xénero non binario, cisxénero, trans, queer, xénero fluído, intersexual ou asexual. Porén, mentres haxa un só caso de agresión ou discriminación por ser, sentir e amar non debemos parar de loitar.

## Editorial

### Adictos e adictas á inmediatez

Xunta Directiva de ASETEM - CCA



Unhas viñetas de Mafalda sobre os problemas da humanidade. / Foto: Lumen

O verán é unha boa época para baixar o ritmo frenético no que estamos inmersos como sociedade, dado que moita xente está de vacacións e pode permitirse tomar as cousas con calma, máis non é así.

Cando chegamos ao noso destino de vacacións e acudimos, por exemplo, a un restaurante para comer queremos que nos atendan, sen pensar na cantidade de clientela á que se atende nese mesmo momento, nin no estrés que sofren os empregados e empregadas do establecemento.

Cada vez temos menos empatía, respecto e educación cos nosos iguais. Moléstanos cousas absurdas e queixámonos en exceso. A era de Internet e as compras en liña fainos adictos e adictas á inmediatez, sen mirar máis alá.

Este fenómeno provoca que a xente busque outros traballos lonxe da atención ao público porque ao final séntense esgotados mentalmente e pouco valorados. Cambiar isto está nas nosas mans, recuperemos a empatía, o ser agradables e respectuosos.

## Cerne

Edición dixital en [www.asetem.com](http://www.asetem.com)

Publicación mensual de distribución gratuíta

**COORDINACIÓN E REDACCIÓN:** Lorena Vidal

**EDICIÓN:** Asociación de Empresarios Terra de Melide

**ENDEREZO:** R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

**Telf. e Fax:** 981 506 188 **E-mail:** [info@asetem.com](mailto:info@asetem.com)

**COLABORACIÓNS:** Vanesa de Quinzán, IES de

Melide e Latexo Logopedia

**AGRADECEMENTOS:** Imprenta Meligraf e Pilar López

**IMPRESIÓN:** Publicaciones Tameiga S.L.

**DEPÓSITO LEGAL:** OR / 57 / 84



ASOCIACIÓN DE  
MEDIOS EN GALEGO

## ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- COLABORACIÓN.....11,22
- MELIDE.....12
- COMARCA.....17
- CULTURA E LECER.....18
- ENTREVISTA.....23

## O 'Mercamelide na Rúa' celebrará unha nova edición os días 9, 10 e 11 de agosto con diversos descontos



Varios establecimientos de proximidade do municipio durante a pasada edición do 'Mercamelide na Rúa', días nos que os comercios sacan os produtos con descontos ás rúas. / Fotos de arquivo

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide, en colaboración co Concello de Melide, celebrará o 'Mercamelide na Rúa' entre os días 9 e 11 de agosto.

Nesta nova edición da feira de oportunidades estival participarán diversos establecementos de proximidade. Durante a segunda fin de semana de agosto, os comercios locais

participantes ofrecerán descontos e ofertas especiais nunha ampla variedade de produtos e artigos.

A diferenza da iniciativa do 'Mercamelide de inverno', nesta ocasión a campaña celébrase nas propias tendas, o que impulsa a afluencia de xente nas rúas do municipio, nunha época na que a veciñanza de Melide medra de xeito significativo.

Este ano, o 'Mercamelide na Rúa' comparte xornadas co Mercado Medieval que se recupera logo de varios anos. Esta actividade realizarase na zona vella da localidade.

Dende a directiva de Asetem - CCA destacan que o principal obxectivo desta iniciativa de dinamización comercial é "axudar a impulsar as vendas dos produtos que quedan en

stock doutras temporadas a prezos máis baixos, nunha época de gran afluencia de visitantes e turistas na vila". Por parte do Concello de Melide Xosé Igrexas, concelleiro de Comercio, comenta a importancia de celebrar o 'Mercamelide', unha mostra máis de apoio da Administración municipal ao comercio de proximidade, en colaboración coa Asociación empresarial.

As persoas responsables dos negocios, participantes nesta actividade, amósanse con ilusión e optimismo ante esta nova edición do 'Mercamelide na Rúa'.

Outro dos obxectivos, que teñen en común Asetem e o Concello, é atraer turistas e visitantes, así como poñer en valor as fins de semana no municipio melidense.

## A Asociación de Empresarios e Empresarias fai repaso, na Asemblea Xeral Ordinaria, das súas campañas e iniciativas



Ramón Villamor, Rodrigo Fernández, Manuel Vázquez e Pilar López na Asemblea Xeral Ordinaria. / Foto: Cerne

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide fai repaso, na Asemblea Xeral Ordinaria, das campañas e iniciativas

realizadas e promovidas no último ano.

O pasado 28 de xuño, os socios e socias da entidade empresarial da

comarca tiveron un encontro para analizar os acertos, erros e cuestións a mellorar das actividades feitas dende xuño de 2023.

Entre un dos grandes acertos destaca a APP que, a pesares de ser algo novo nos establecementos de proximidade, está tendo unha boa acollida por parte da clientela e comerciantes. A maiores, as persoas asistentes sinalaron diversas cuestións técnicas a mellorar da aplicación para facela máis funcional e sacarlle todo o proveito posible. A posición da directiva con respecto da APP é clara: "o obxectivo é que cada vez máis xente a descargue e se beneficie dos descontos e ofertas exclusivas desta ferramenta. Ademais, o xestionar os bonos e vales a través da aplicación permítenos ter un maior control e facilita a xestión de pago, tanto da propia clientela como da Asociación".

Outro dos puntos a debater foi o Mercamelide de inverno, "é unha inicia-

tiva que no seu momento funcionou moi ben pero á que é necesario darlle unha volta para volver atraer á xente. Para conseguilo sería necesario sumar máis establecementos participantes", comentan varias socias presentes na Asemblea e ante o que a directiva se manifestou disposta a traballar e colaborar en sintonía co que lle transmiten os asociados e asociadas. Tamén se acordou continuar para o vindeiro ano coa campaña de Somos Familia.

Ademais, nesta xuntanza de Asetem repasáronse as contas da Asociación que están á disposición dos socios e socias na sede da entidade.

Para rematar, tocaba facer renovación do 50% do equipo directivo e incluíuse como novo membro a Rocío Barreiro Varela, xerente de Zafiro Tours Melide.

## A Xunta anuncia unha nova edición do Bono Comercio



O Director Xeral de Comercio no anuncio da nova edición. / Foto: Xunta

A Xunta, a través do Director Xeral de Comercio e Consumo, anuncia unha nova edición do Bono Activa Comercio para o vindeiro outono.

Dende o Goberno autonómico, destacan "o

papel fundamental do Bono Activa Comercio para o impulso do sector comercial", remarcando que se poñerá en marcha a nova edición para o outono co obxectivo de consolidar a iniciativa e chegar a máis comerciantes.

## A campaña de Días Azuis deixa un premio de 250 euros no municipio



O comercio de Romero Zapaterías en Melide, lugar no que se realizou a compra premiada con 250 euros. / Foto: Asetem

A campaña de Días Azuis, organizada pola Federación Galega de Comercio en colaboración coas Asociacións de Empresarios e Empresarias das cidades e vilas, deixa un premio de 250 euros en Melide.

A persoa premiada con esta tarxeta prepago realizou unha compra en Romero Zapaterías, establecemento asociado a Asetem. O nome da afortunada é Sara López Vilar que poderá recoller este premio o

vindeiro martes, 23 de xullo, nun evento organizado para entregar as tarxetas prepago.

Esta edición dos Días Azuis foi todo un éxito, dado que en total rexistráronse 120.668 tickets.

## O Goberno do Estado modifica o IVE de diversos produtos de alimentación



Imaxe que representa as subas da porcentaxe de IVE. / Foto: iStock

O Goberno do Estado modifica o Imposto do Valor Engadido (IVE) de diversos produtos de alimentación.

Dende o pasado 1 de xullo e ata o vindeiro 30 de

setembro, o tipo de IVE ao 5% para: aceites de sementes e pastas alimentarias; o tipo de IVE ao 0% será para: pan común, fariñas panificables, leites produ-

cidas por animais, queixos, ovos, froitas, verduras, hortalizas, legumes, tubérculos, aceite de oliva e cereais.

Do 1 de outubro ao 31 de decembro, tipo de IVE do 7'5% para: aceites de sementes e pastas alimentarias; tipo de IVE ao 2% para: pan común, tubérculos, fariñas panificables, leites producidas por animais, cereais, queixos, ovos, aceite de oliva, froitas, verduras e legumes.

Esta baixada do Imposto do Valor Engadido é unha medida do Goberno para paliar a suba dos prezos e aliviar a situación das familias. A progresiva reversión aos tipos normais responde ao mandato da Comisión Europea para ir atenuando as medidas extraordinarias adoptadas polos países.

## Leonardo Miguélez recibiu a Medalla de Ouro da vila



Leonardo Miguélez e José Manuel Pérez no acto de entrega. / Foto: T. Melide

O empresario Leonardo Miguélez Sueiro recibiu, o pasado 29 de xuño, a Medalla de Ouro de Melide no Salón de Plenos da Casa Consistorial.

A este acto acudiron diversos veciños e veciñas

da vila, representantes da política municipal e do Goberno da localidade.

Nesta xornada festiva tamén recibiu a Medalla de Ouro do municipio, a título póstumo, Carlos Pampín Rúa.

## O paro na comarca da Terra de Melide baixa das 350 persoas sen emprego, a mellor cifra dos últimos 8 anos

O paro na comarca da Terra de Melide baixa das 350 persoas sen emprego, a mellor cifra dos últimos 8 anos.

A temporada de verán comeza a facer o seu efecto nos datos de traballo do mes de xuño. En Melide a lista de parados e paradas descende en 12 (255 en total); no caso de Toques a baixada é de 5 (23); en Santiso son 4 as persoas que atoparon emprego (40); e, por último, Sobrado non registra movementos e mantén o mesmo número (30).

Os sectores da hostalería e o comercio son os que máis axudan a acadar estas cifras positivas, dado que son moitos os negocios que precisan ampliar o cadro de persoal para cubrir as necesidades da época estival.

Os datos nas comarcas limítrofes tamén sinalan unha tendencia fa-

vorable de cara ao emprego. Arzúa baixa en 19 o número de persoas paradas (407 en total), co maior descenso no concello de Boimorto (11); a comarca da Ulloa conta en xuño con 18 desempregados menos (252), destaca Palas de Rei con 11; e o Deza recorta das súas listas do paro a 12 persoas, sendo Lalín o municipio con mellores datos (13). No caso do Deza: Vila de Cruces, Silleda e Dozón rompen a tendencia do descenso e incrementan o desemprego entre 2 e 9 persoas.

No eido autonómico as novas tamén son positivas, Galicia sitúa o paro por debaixo das 118.000 persoas, a mellor cifra dende que hai rexistros (1996). Outra das partes positivas é o descenso de mulleres e menores de 30 anos en situación de desemprego, un dos núcleos da poboación




Gráfico cos datos do paro na comarca da Terra de Melide os meses de xuño dende 2017 a 2024. / Gráfico: Cerne

con maiores dificultades para saír do paro.

No ámbito nacional, destaca o récord de emprego neste mes de xuño, logo de sumar 71.095 traballadores e traballadoras de me-

dia. A maiores, a afiliación á Seguridade Social roza os 21,4 millóns de empregados e empregadas.

O número de persoas autónomas tamén se sitúa nun punto álxido, por

encima da cifra marcada en xullo de 2008. A cantidade de afiliados por conta propia superou os 3.386.432, dos que o 36,9% foron mulleres, o seu máximo histórico.

## As pequenas empresas e autónomos xa poden solicitar o bono dixital de 3.000€



Unha persoa xestionando, a través da sede electrónica de Red.es, a súa solicitude do bono dixital. / Foto: iStock

O prazo para solicitar o bono dixital de 3.000 euros, para pequenas empresas e persoas autónomas, está aberto ata o vindeiro 31 de outubro do ano 2025 ás 11:00 horas. As solicitudes deben presentarse a través

da sede electrónica de Red.es, entidade adscrita ao Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública.

Esta iniciativa vai destinada a negocios de máximo 3 empregadas e a

persoas autónomas. Como novidade, nesta nova edición, inclúese a posibilidade de adquirir un dispositivo portátil ou de sobremesa con monitor. Este equipo debe ter integrada unha licenza que cumpra os requi-

sitos establecidos encanto a ciberseguridade; ademais dun cifrado en repouso, que asegure a privacidade dos datos e documentos almacenados no dispositivo. Para esta adquisición a cuantía máxima subvencionable é de 1.000 euros.

Para solicitar a axuda, as interesadas deben primeiro rexistrarse na área privada de [www.acelerapy-me.es](http://www.acelerapy-me.es) e completar o test de autodiagnóstico dixital. A continuación, deben consultar a información dispoñible das solucións de dixitalización no catálogo e, para rematar, solicitar a axuda.

Actualmente, o catálogo de axentes dixitalizadores componse por máis de 10.800 axentes adheridos. O prazo de adhesión continuará aberto durante toda a duración do Programa.

As persoas autónomas ou pequenas empresas

que recibiran o kit dixital na anterior convocatoria, poden solicitar 1.000 euros adicionais mediante unha declaración de conformidade na sede electrónica de Red.es, dado que a cuantía aportada anteriormente era de 2.000 euros. Isto poderase realizar sempre e cando non se extinguira por renuncia ou calquera outra causa que dera lugar á mesma.

Para solicitar estes 1.000 euros adicionais, tanto no caso das entidades que son novas solicitantes como no caso das xa beneficiarias, o prazo de consumo do bono será de 6 meses a contar dende a concesión.

Estas axudas de dixitalización son de concorrencia non competitiva e outorgarase de xeito directo e por orde de chegada, unha vez realizadas as comprobacións do cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria.

## Aberto o período para coller o Bono Turismo



O logo da nova edición do Bono Turismo da Xunta. / Foto: Xunta de Galicia

Aberto o período para coller o Bono Turismo da Xunta de Galicia. Os usuarios e usuarias teñen dende o 10 de setembro e ata o 25 de decembro de 2024, ambos días incluídos.

Estes vales teñen un valor de 150 euros, cofinanciado nun 40% polo Gober-

no autonómico e 60% polo solicitante.

Ademais, a día de hoxe hai 180 establecementos adheridos a esta iniciativa, entre os que se atopa Zafiro Tours Melide. Os negocios interesados en anotarse poden facelo ata o vindeiro 2 de decembro.

## A Xunta amplía o prazo para solicitar as axudas de apoio ó emprendemento



Imaxe onde se representan os cálculos empresariais. / Foto: Oficina Autónomo

A Xunta de Galicia amplía, ata o 5 de setembro, o prazo para solicitar as axudas de apoio ó emprendemento. Unha liña de subvencións dotada con 6'5 millóns de euros para este 2024.

Con esta convocatoria, o Goberno autonómico busca impulsar o empre-

demento, contribuíndo ao aumento da actividade económica e á mellora da súa competitividade.

A estas axudas poden optar os seguintes colectivos que se constitúan ou estean dados de alta e iniciaran a súa actividade económica dende o 1 de

xaneiro de 2022: persoas traballadoras autónomas, mutualistas, pequenas e medianas empresas, sociedades cooperativas e laborais, así como as empresas de inserción e os centros especiais de emprego.

As achegas ás que poden acceder van dos 3.000 aos 30.900 euros (en función da magnitude do investimento realizado) para dar cobertura, entre outros, a gastos vencellados co proxecto empresarial en materia de equipamento informático, eficiencia enerxética, equipamento e mobiliario, ou na reforma das instalacións.

Como nova, financiaranse os gastos notariais e rexistrais directamente relacionados coa actividade subvencionada que sexan indispensables para a súa axeitada preparación ou execución, cun máximo de 300 euros por persoa.

**PRUEBA 1 MES  
AUDÍFONOS  
GRATIS**



**tábora**  
CENTRO ÓPTICO Y AUDITIVO



E-15-001241

**ESTUDIO AUDIOLOGICO GRATUITO  
FINANCIACION SIN INTERESES**

**ÓPTICA TÁBORA MELIDE  
RUA PROGRESO,13**

Tlf: 981 505 199  634950412

**NUEVA  
UBICACIÓN**



**tábora**  
CENTRO ÓPTICO Y AUDITIVO

**2 GAFAS  
GRADUADAS  
99 €**



E-15-001238

**ÓPTICA TÁBORA MELIDE  
RUA PROGRESO,13**

Tlf: 981 505 199  634950412

## Máis de 30.000 persoas arrodearon a sede da Xunta de Galicia en Santiago cun berro en común: "Altri Non"



Milleiros de persoas na concentración para rodear a Xunta, o pasado domingo 30 de xuño. / Foto: Plataforma Ulloa Viva

Máis de 30.000 persoas chegadas de todos os puntos de Galicia arrodearon, o pasado 30 de xuño, a sede da Xunta en Santiago ao berro de "Altri Non". Arredor de 45 autobuses procedentes da Ulloa, a comarca do

Deza, Terra de Melide, Arzúa, a Ría de Arousa, Lugo, Ferrol, Pontevedra, Vigo, A Coruña ou A Mariña lucense, sumáronse arredor de San Caetano ao acto simbólico convocado pola Plataforma da Ulloa Viva e a

Plataforma en Defensa da Ría da Arousa para esixir-lle ao Goberno autonómico "que leve a cabo a súa obriga máis relevante, que é mirar polo benestar das galegas e galegos", en palabras da presidenta de Ulloa Viva,

Marta Gontá.

Dende a Plataforma pídenlle ao presidente da Xunta "que non sexa cómplice da implantación pola forza dunha industria altamente contaminante que nos obrigaría a vivir peor a cambio de beneficios privados para catro". Ademais, Gontá sinalou a falta de comunicación coa veciñanza ao respecto da macrocelulosa de Altri en Palas de Rei. Por parte de Ulloa Viva advirten a Rueda que "se insiste en estar ao lado da empresa e non dos veciños e veciñas, teranos en contra".

A lectura do manifesto desta convocatoria correu a cargo de Raquel González Borrajo, veciña de Agolada e membro da Plataforma Ulloa Viva, e María Porto, presidenta das Mariscadoras a Pé de Carril (PDRA). "O seu mal chamado progreso vai en contra da propia vida, do Ulla e

das xentes que habitamos o territorio", afirman no manifesto.

Logo deste encontro o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, volveu acusar á maioría dos manifestantes de actuar "con intencionalidade política clarísima". A maiores, Rueda pediu de novo "confianza" nos técnicos e nunha administración "que vai ter un comportamento absolutamente obxectivo. Confío nos técnicos e pido á xente que tamén confíe e non se deixe levar por informacións interesadas que moitas veces non son verdade".

Pola outra parte, a Plataforma Ulloa Viva considera "a enésima falta de respecto de Rueda" as declaracións do presidente da Xunta "tentando voltar a politizar unha protesta que é dos veciños e veciñas" contra a instalación da fábrica de Altri.

# ANÚNCIATE NO CERNE!

- ✓ O teu anuncio verase en toda a comarca, máis de 1.000 exemplares
- ✓ Formato dixital nas nosas redes sociais e páxina web
- ✓ Posibilidade de deseño do anuncio sen custo adicional





## O Consello da Xunta aproba o novo calendario laboral para o ano 2025



Unha traballadora na oficina marcando no seu calendario laboral os festivos do vindeiro ano. / Foto: iStock

O Consello da Xunta aproba o novo calendario laboral para o ano 2025, que recolle como festivos propios da Comunidade Autónoma o 17 de maio (Día das Letras Galegas) e o 25 de xullo (Día Nacional de Galicia).

Estas 2 xornadas festivas coinciden para o vindeiro ano a sábado, o 17 de maio, e a venres, o 25 de xullo.

Alfonso Rueda, presidente do Goberno galego, explicou que a normativa estatal recolle que hai ao ano un total de 14 festivos, dos cales 2 son escolmados

por cada concello (este ano en Melide foron o Luns de Pascua e Día do Carme).

Dos outros 12, 9 son obrigatorios para toda España, polo que só poden ser substituídos polas autonomía no caso de que caian a domingo. Este son o 1 de xaneiro, o Venres Santo, 1 de maio, 15 de agosto, 12 de outubro, 1 de novembro, 6, 8 e 25 de decembro.

O próximo ano, o 12 de outubro, Día Nacional de España, cae en domingo, polo que a Xunta optou por substituílo polo Día das Letras Galegas.

A maiores destes festivos, a normativa estatal recolle outros 3 festivos nacionais opcionais, que cada comunidade pode cambialos. Destes, o Goberno autonómico ratificou o 6 de xaneiro, Día de Reis, e o 25 de xullo, Día Nacional de Galicia. Ademais, descartou o 19 de marzo, Día de San Xosé.

Logo, a estas xornadas festivas haberá que sumarlle os 2 días que escollan dende a Administración municipal para o ano 2025, no que San Pedro caerá a luns.

## Melimática cumpriu 20 anos ao servizo de Melide



Santiago Quintás no seu comercio, Melimática, en Melide. / Foto: Cerne

Melimática cumpriu, o pasado mes de xuño, 20 anos ao servizo da veciñanza e visitantes de Melide.

Esta tenda de informática, rexentada por Santiago Quintás, sempre se caracterizou polo trato personalizado, unha das súas fortes vantaxes fronte as grandes superficies.

Para festexar este vixésimo aniversario, Melimática lanzou diversas ofertas, descontos e prezos especiais para agradecerlle a todos os clientes e clientas o seu compromiso e fidelidade con este establecemento

de proximidade do municipio.

Cumprir 20 anos formando parte do comercio local non é sinxelo, e máis nun sector cunha forte competencia en negocios en liña e grandes marcas. Non obstante, este establecemento "non é un comercio ao uso. Intentamos máis que vender, informar á clientela do que precisa", comentaba Santiago nunha entrevista para o Cerne.

Para as persoas que aínda non coñezan Melimática poden visitar esta tenda na rúa Otero Pedrayo, 6.

**Roval**  
JOYERÍA



**SARGADELOS**  
DESEÑO - CULTURA - HISTORIA - CALIDADE

Novos tempos



Nova tenda



A mesma ilusión



## As Rebaixas de verán chegan ao comercio de proximidade melidense con grandes descontos e prezos irresistibles



Na primeira imaxe, unha das tendas de Calzados Broz co cartel das Rebaixas de verán en produtos seleccionados. Na segunda, o comercio de Sueños e El Dándolo en rebaixas. / Fotos: Asetem

As Rebaixas de verán chegan ao comercio de proximidade melidense con grandes descontos e prezos irresistibles en diversos artigos.

Os establecementos locais comezan a época estival ofrecendo rebaixas espe-

ciais para animar á clientela a mercar os seus produtos. A pesares da forte competencia que supoñen as grandes superficies e marcas, o comercio de proximidade busca diferenciarse e amosar a súa boa relación calidade - prezo. Os continuos

descontos ofertados, especialmente por negocios en liña e grandes marcas, tampouco son un factor que favorece esta etapa de rebaixas, dado que fan que a clientela perda interese.

Nestas Rebaixas de Verán podemos atopar des-

contos de ata o 40% en artigos seleccionados, o que supón un valor engadido para os usuarios e usuarias.

Nunha época do ano na que o municipio se enche de xente, as tendas buscan atraer a visitantes e veciñanza para consumir

en Melide. Unha boa opción para coñecer estas promocións é a APP da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide, a través dela os comercios poden facer públicos os seus descontos e ofertas especiais.




## Véndese leña picada de carballo

Santa María de Melide

636 866 996



ESTE MES LATEXO LOGOPEDIA  
CÓNTACHE...



Rúa Rosalía de Castro, 3 Melide  
Teléfono: 642 007 210

## A LOGOPEDIA NON É UNHA ACTIVIDADE EXTRAESCOLAR

prolongados, as terapias vense interrompidas e poden observarse retrocesos moi grandes segundo o problema que presente cada paciente.

Personalizando na miña profesión, algunhas familias deciden que a/o paciente descansa posto que son terapias "crónicas", que non teñen un final próximo, pola patoloxía de base que presentan. É tal o caso dos TEA, do dano cerebral adquirido, da dislexia ou no caso de patoloxías neurodexenerativas. Nestes casos, o descanso adoita ser beneficioso e os retrocesos adoitan non ser significativos (aínda que non se pode xeneralizar porque dependerá de cada caso particular).

Non obstante, hai outros casos, como en pacientes que veñen por un problema de hábito de respiración oral, de dificulta-

des na deglución ou na mastigación ou casos de dificultades na articulación, nos que o descanso adoita ser contraproducente, posto que as aprendizaxes adquiridas, ao non estar xeneralizadas, poden "esquecerse". Ademais, ao non manter un bo hábito de exercicios durante o período de descanso, as/os pacientes adoitan repetir patróns alterados que tiñan no momento de inicio do tratamento.

Temos que pensar que unha terapia de logopedia é como un tratamento médico do que recibimos unhas pautas e para que poida actuar, han de seguirse ditas pautas. Non é unha actividade extraescolar onde imos mellorar habilidades (ou aprender outras novas) ou imos "desconectar" das obrigas do día a día.

Como logopeda, son consciente de que os tratamentos longos, son tediosos

para a familia, a/o paciente e para a propia terapeuta; as vacacións ou descansos son bos pero sempre na súa xusta medida. Moitas persoas poden pensar que estas apreciacións se fan como logopedas autónomas que somos en moitos casos e ten a súa parte de relevancia. Non só vivimos do noso traballo de outubro a xuño se non que no verán, cando todo o mundo quere descansar das terapias, tamén precisamos ingresos aínda que nos apeteza tamén descansar. Pero debemos ter en conta que ante todo somos profesionais, que nos gusta o traballo ben feito e que por ética, o que queremos é que os casos avancen e poder darlles a alta e non "eternizar" os casos dun curso para outro. Rematar o curso non significa rematar con todo o demais.

**Cristina Fernández**

As clínicas de logopedia, como as doutras terapias ás que acoden sobre todo nenas/os de curta idade, convértese nun lugar deserto no verán.

Moitas das familias deciden que as/os súas/seus fillas/os merecen un prezado descanso, nos períodos estivais, sobre todo no verán, das terapias ás que deben acudir. Certo que as/os nenas/os e as/os pacientes en xeral, que precisan de terapia a nivel de

logopedia, terapia ocupacional ou fisioterapia (por nomear algunhas) deben descansar de vez en cando mais non durante dous meses e medio como acontece no verán.

Desta maneira, tal e como se descansa de actividades como multideporte, informática ou fotografía, as familias deciden que esas especialidades sanitarias, poden esperar ata setembro. Pero a realidade é que cando os descansos son moi

## O gato que nos come a lingua nos parques

Se es unha persoa á que lle resulta indiferente o idioma no que se fala darredor de ti, e non che esperta nin curiosidade nin sentimento de pertenza cal é o uso do galego no día a día da xente que te rodea, tal vez te aburra este artigo. Comprensible. Para o resto das persoas, quixen traer a este espazo un debate que estou tendo con frecuencia, con motivo do momento vital no que me atopo: fillos pequenos que están descubrindo o mundo, e a maneira de referirse a el.

Mantendo os ollos abertos é doado sacar algunhas conclusións que, polo visto, serven de mostra do que está acontecendo a nivel de idioma en todo o territorio.

É certo que as cidades de Galicia sempre tiveron unha identidade lingüística particular, e merecen mención e estudo á parte. Pero o que está pasando en zonas como a Terra de Melide, que non cambiou significativamente a súa composición social nin económica nas últimas décadas, ben merece unha reflexión.

Busquei datos oficiais, sen filtros ideolóxicos nin de opinión e atopeinos no Instituto Galego de Estatística, e son claros: canto máis nova é a poboación, menos se usa o galego. Parece unha obviedade, porque basta con poñer a orella á porta de calquera escola ou instituto

da comarca. O dato di que o 73,9% dos nenos e nenas de entre 5 e 14 anos falan só castelán ou máis castelán que galego. Non hai volta.

Á marxe da miña opinión persoal, non trata este artigo de vulgar se se está facendo ben ou mal, nin de establecer idiomas de primeira nin de segunda. Benvinda a riqueza lingüística. Do que quere falar este artigo é dunha triste realidade que segue vixente moitos anos despois. Chámase diglosia, e está presente en todos os parques de Melide, en todos os colexios e en todos os ámbitos nos que se mesturan os nenos que falan castelán habitualmente cos nenos que falan galego habitualmente (poucos).

Hai anos referíamonos á diglosia cando un galegofalante cambiaba ao castelán para dirixirse ao médico, ao funcionario, ao farmacéutico ou ao cacique de turno que lle vendía un favor. Existía unha situación de submisión ao poder/prestixio, que se canalizaba adaptándose ao idioma do que estaba por riba.

Agora a diglosia nos nenos galegofalantes dáse cando falan galego na casa, con seus irmáns, cos mestres, cos nenos que falan coma eles... pero que cando outro neno se dirixe a eles en castelán esquecen a súa propia identidade, estímána -inconscientemente- inferior e

responder en castelán. Non se trata de educación: o neno que fala castelán en Melide (que nunca de Melide saíu) non é menos educado por seguir no seu idioma unha conversa cun galegofalante, simplemente está máis seguro, el é o "normal". Non así o que deixa a súa lingua nai para adaptarse a el.

Todos se entenden, pero hai uns que aparcan o seu idioma para sentírense integrados, para "ser coma todos", porque na infancia o sentimento de pertenza ao grupo é un dos primeiros baluartes que non pode abanear. E igual que todos son do Madrid, porque os maiores aos que admiran son do Madrid, tamén así se muda o idioma para sermos coma aqueles aos que admiramos, os maiores, os que non dúbida.

Dicíame un entendido do idioma e da cultura galega, que a clave para que os nenos e nenas sigan falando galego sen medos nin complexos é "ensinarlles a amar primeiro a Terra, e a lingua virá despois". E, se cadra, co tempo e o noso espello, xa non todos son do Madrid.

**Vanesa de Quinzán**

## Aberto o prazo para solicitar o Servizo de Madrugadores para o curso 24/25



Unha nena á hora de comer o almorzo xunto a outros cativos. / Foto: iStock

O Concello de Melide abre o prazo para solicitar o Servizo de Madrugadores para o vindeiro curso, 2024 - 2025.

O período de inscrición está dispoñible ata o luns 15 de xullo. A matrícula

deberá facerse no Rexistro da Administración municipal, é preciso achegar a seguinte documentación: DNI ou NIE do pai, nai ou titora; libro de familia, título de familia numerosa, resolución

de acollemento ou equivalente; tarxeta sanitaria ou documento equivalente do neno ou nena; certificado médico, en caso de intolerancias, alerxias ou enfermidades que poidan incidir na prestación do servizo; e certificado bancario do número de conta.

O horario do Servizo de Madrugadores comeza ás 7:30 horas ata o comezo da xornada lectiva. As modalidades desta actividade son: con almorzo todos os días, 40 euros; con almorzo un día esporádico, 4 euros; sen almorzo todos os días, 30 euros; un día esporádico, 3 euros.

No CEIP Nº1 e no Mestre Pastor Barral ofértanse as dúas modalidades, pola contra, no CEIP Martagona só a categoría de Servizo de Madrugadores sen almorzo.

## Juan Curros premiado coa Medalla ao Mérito de PCG



Juan Curros no acto de entrega da Medalla ao Mérito. / Foto: Concello Melide

O veciño melidá, Juan Curros, premiado coa Medalla ao Mérito de Protección Civil de Galicia na categoría de Bronce.

O acto de entrega dos galardóns, organizado pola Academia Galega de Seguridade Pública, reali-

zouse o pasado 29 de xuño na sede desta entidade.

Neste acto entregáronse 35 medallas ao mérito, entre elas a de Juan Curros, e 19 distintivos de permanencia pola súa dedicación, esforzo e compromiso social.

## O Río Furelos continúa a ser vítima de vertidos



Un traballador da Xunta de Galicia contando as troitas mortas. / Foto: A.T.R.F

O Río Furelos continúa a ser vítima de vertidos, os últimos no mes de xuño.

A Asociación de Troiteiros puxo a voz de alarma logo da aparición de diversas troitas mor-

tas no canal do río por mor deste vertido.

Dende a Asociación falan da necesidade de ter un "protocolo de actuación" para levar un control das accións.

## Reparadas as deficiencias en ambos vasos das dúas Piscinas exteriores



As piscinas municipais exteriores de Furelos (Melide) nun día de verán do ano 2019. / Foto: Turismo Melide

O Concello de Melide reparou as deficiencias en ambos vasos das dúas Piscinas de Furelos que provocaban perdas de auga.

Na piscina grande, os traballos incluíron un hidrolimpado e posterior

repicado do grisete solto. Cubriuse todo o vaso cunha capa de 15 milímetros de morteiro especial para piscinas que serviu como base dunha lámina armada. Ademais, instalouse unha nova impulsión a base de tubos e

bocas de impulsión de polietileno. Construíronse 2 novos sumidoiros de fondo cos seus correspondentes desaugadoiros. Tamén se tratou a ferruxe das tapas. No vaso pequeno, os traballos foron idénticos.

## O IES amplía a súa oferta educativa de cara o vindeiro curso escolar con formacións para diversas idades

O Instituto de Ensinanza Secundaria de Melide anuncia novidades para o vindeiro curso escolar incorporando unha nova formación profesional, o Ciclo Superior Dual de Deseño e Amoblamento. "Esta nova FP supón ter ao completo a formación de madeira, o ciclo máis veterano do Centro", comenta Juan Manuel Blanco, xefe de estudos de adultos e mestre.

Ante o Ciclo Superior de Deseño e Amoblamento o persoal do Centro está "entusiasmado e contento", dado que permitirá atraer a novos estudantes e permitirlle ao alumnado xa matriculado na FP media seguirse a formar sen necesidade de cambiarse de espazo educativo.

Este é o segundo ano consecutivo que o IES estrea unha nova oferta educativa, xa que en setembro de 2023 comezábese a impartir a FP Dual de Gandería e Benestar, un ciclo que trouxo á vila estudantes de lugares como Granada, Culleredo, Ribeira ou Ponteareas. Por parte do profesorado a satisfacción coa resposta do alumnado foi crecente grazas á implicación do mesmo. "Que o primeiro ano da FP conseguimos 10 estudantes é un feito que valoramos de xeito positivo. É máis, é unha formación que tivo moita repercusión e visibilidade nos medios comunicación, incluso de nivel nacional", explican dende o equipo directivo.

O feito de que dúas das formacións profesionais que se imparten no IES sexan duais implica para o alumnado poder cobrar unha pequena retribución, ao mesmo tempo, que recibe unha formación e coñecementos prácticos. Se algunha empresa estivese interesada en colaborar cos ciclos, tanto o de Deseño e

**Ciclo Superior Dual: Gandería e Asistencia en Sanidade Animal**

**AFD (Accións formativas para desempregados)**

**Ciclo Básico e Medio de Carpintería e Moble**

**Ciclo Superior Dual de Deseño e Amoblamento**

**Ensinanzas oficiais para adultos: ESA e EBI**

**Cursos para adultos de Capacitación Dixital**

# OFERTA EDUCATIVA

Financiado pola Unión Europea NextGenerationEU

GOBERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y FORMACIÓN PROFESIONAL

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

XUNTA DE GALICIA

MÁIS INFORMACIÓN

881866115

ies.melide@edu.xunta.gal

Instituto de Ensinanza Secundaria de Melide

Cartel no que se detalla toda a información sobre a diversa oferta educativa no IES melidense. / Foto: IES de Melide

Amoblamento como co de Gandería e Benestar Animal, só ten que poñerse en contacto co Centro.

Ademais, o IES de Melide tamén ten diversas ofertas de aprendizaxe para persoa adultas como poden ser: os cursos de capacitación dixital, a Ensinanza Básica Inicial e a Ensinanza Secundaria para Adultos.

No caso dos cursos de capacitación dixital,

están dirixidos, principalmente, a "persoas maiores de 55 anos, aínda que de haber prazas pode realizalo calquera adulto en situación de desemprego". Neste mes realizarase a 4ª quenda do curso de capacitación dixital con contidos básicos, esta "é unha formación que ten bastante aceptación" e coa que no mes de outubro o alumnado doutras edicións poderá ampliar coñe-

cementos. "A idea é que na seguinte convocatoria os contidos, a parte de repasar os básicos, suban ao nivel intermedio", destaca Juan Manuel Blanco. A matrícula para estes cursos é totalmente gratuíta e realízase no propio IES.

Outra das ensinanzas destinadas á poboación adulta é a Ensinanza Básica Inicial (EBI), unha formación cun perfil de alumnado

moi concreto, "xente española moi pouco formada e inmigrantes que non coñecen o noso idioma", sinala o xefe de estudos de adultos. Esta ensinanza é fundamental para conseguir que persoas estranxeiras poidan integrarse na sociedade de xeito máis sinxelo, dado que moita da xente doutros países que chega a Melide "non está escolarizada no seu país, non falan o noso idioma e tampouco saben ler nin escribir". No curso escolar 2023-2024, 18 alumnos e alumnas participaron nas clases da EBI.

Por outro lado, Juan Manuel fálanos da Ensinanza Secundaria de Adultos (ESA), na que este ano acadaron récord de aprobados, 15 de 19 persoas matriculadas. Nesta formación tamén "hai moita inmigración e persoas que buscan sacar o título para mellorar a súa situación laboral", comenta Blanco. Moito do alumnado que acude a esta formación ten que conciliar os estudos co coidado de persoas dependentes e/ou incluso cun emprego, polo que non sempre lles é doado poder asistir. Por isto mesmo, o mérito de que 15 alumnas e alumnos conseguiran superar a ESA é aínda maior. As persoas interesadas en acudir ás clases da ESA poderán realizar a preinscripción ata o venres e a matrícula abrirase durante a 1ª semana de setembro.

De cara ao vindeiro curso 2024-2025 é imposible non marcarse obxectivos, e no IES de Melide teñen claro cales son: "mantener unha ensinanza libre, en igualdade, na que ninguén se sinta discriminado ou discriminada, e inclusiva. Ser un centro aberto que recibe a todas as persoas que queiran formarse en calquera das ensinanzas que ofertamos", fai fincapé Juan Manuel Blanco.

## O municipio de Melide recupera as Festas do Carme do 15 ao 17 de xullo



A veciñanza na procesión da Virxe do Carme no 2023. / Foto: Turismo Melide

A vila de Melide recupera as Festas na honra da Virxe do Carme os días 15, 16 e 17 de xullo.

Logo de varios anos sen festividade polos días do Carme, o municipio vol-

ve festexar a vindeira semana cunha programación chea de música.

O luns, 15 de xullo, comezan as xornadas de troula ás 20:30h coa procesión dende a Igrexa Parro-

quial ata a Capela do Carme, acompañada de Froito Novo. Ás 22:00h na verbena tocarán Suso de Boente e a Bandiña de Melide.

O martes, día 16, haberá misas rezadas ás 8:00, 10:00, 11:00 e 21:00 horas na Capela do Carme. Ás 12:00h será a misa solemne co Corito de Melide e procesión acompañada da Banda. A Banda de Música de Visantoña ofrecerá dous concertos, ás 14:00 e 22:00h. A verbena será a cargo de Fania Blanco Show e Os Trasnos, a partir das 22:00 horas.

O mércores, 17 de xullo, haberá misa solemne ás 12:00h e ás 20:00h, nesta última realizarase a procesión. Ás 14:00 e 21:30h haberá concerto da Banda de Música de Muimenta. Logo, ás 22:00h verbena co Grupo Tania Veiras.

## A Área Recreativa da vila acolle Ó Son do Furelos



Cartel promocional do tardeo de Ó Son do Furelos. / Foto: Ó Son do Furelos

A Área Recreativa da vila acolle o festival de tardeo, Ó Son do Furelos, o vindeiro domingo 28 de xullo.

Durante a tarde actuarán diversas agrupacións como a orquestra Marbella, o grupo Beatriz e os DJ Carlos López, Marcos

Magán e Discomóvil. Unha xornada na que a música e a diversión serán protagonistas e na que a entrada será gratuíta para todas as persoas que queiran asistir.

A troula comezará a partir das 17:30 horas na Área Recreativa de Furelos.

## Celtas Cortos, Tanxugueiras, París de Noia, Os Melidaos e Combo Dominicano actuarán nas Festas de San Roque



Membros da Comisión de Festas de San Roque e do Concello da vila na presentación do cartel. / Foto: Concello de Melide

O municipio melidense xa presentou o cartel das Festas de San Roque deste ano, que se celebrarán entre os días 14 e o 21 de agosto. Celtas Cortos, Tanxugueiras, París de Noia, Os Melidaos e O Combo Dominicano serán algúns dos grupos que

actuarán durante a semana festiva.

A troula comezará o mércores 14 de agosto co concerto de Celtas Cortos, Os Melidaos e Xascariz.

O xoves 15, a programación segue coa orquestra El Combo Dominacano e a

charanga Mekanika Rolling Band, gañadora do Cantalíngua 2022.

Para entrar na fin de semana, o venres 16 será a quenda da Panorama, a Banda de Música de Visantoña e os Festicultores Troupe, estes últimos en-

cargados de poñer o toque máis pícaro da xornada.

O sábado 17 de agosto, o San Roque continúa cunha xornada na que a música tradicional terá un importante espazo. Actuarán: Fuerza Nueva, Tanxugueiras, Coral Polifónica e Froito Novo.

Para pechar a semana, o domingo 18 celebrase o tradicional Día do Río. A música poñerana a orquestra París de Noia, a Banda de Música de Arzúa e a charanga Ardores.

O luns 19, a programación inclúe as actuacións do Grupo Bomba, a formación melidá tradicional Herba Grileira e a veterana orquestra Los Satélites.

O martes 20 actuarán Louband, a Banda de Santa Cruz de Ribadulla e a orquestra Olympus.

Para poñer o punto e final a estas Festas de San

Roque, o mércores 21 será o Día do Neno. Unha xornada na que os máis cativos poderán desfrutar de descontos nas atraccións e diversas actividades.

Estes días de troula están organizados pola Asociación de Festas de San Roque, co apoio do Concello de Melide e a Deputación de Coruña.

Dende a Asociación manifestan que estas son unhas festas "adaptadas para todas as idades" e nas que actuarán "as orquestras máis importantes, así como uns concertos do mellorciño como os de Celtas Cortos e Tanxugueiras".

Pola outra banda, dende a Administración municipal convidan a toda a cidadanía a desfrutar dunha nova edición das célebres Festas de San Roque, cunha programación diversa e para todos os grupos.

# VERAN CULTURAL MELIDE 2024



## XULLO

**DOMINGO, 14 XULLO**  
**DOMINGOS INFANTÍS**  
**O SHOW MOSCÓN**

*Compañía Galitooon*  
ás 12:00 h no cantón de San Roque



**XOVES, 18 XULLO**  
**IOGA BAIXO AS ESTRELAS**  
ás 23:00h na praza do Convento

**SÁBADO, 20 XULLO**  
**ROTEIRO POLO MELIDE**  
**LITERARIO**

ás 11:30 saída do Museo da Terra de Melide



**DOMINGO, 21 XULLO**  
**DOMINGOS INFANTÍS**  
**MAXIA, MISTERIO E**  
**OUTRAS HISTORIAS**

*Compañía Magia en la Manga*  
ás 12:00 h no cantón de San Roque



**VERMÚ NO CAMIÑO**  
**COVERS LOVERS**  
ás 13:00 h zona vella de Melide

**27 e 28 XULLO**  
**FESTIVAL SBK**



**DOMINGO, 28 XULLO**

**VERMÚ NO CAMIÑO**  
**NUNZIA & JOEL**  
ás 13:00 h zona vella de Melide



## AGOSTO

**SÁBADO, 3 AGOSTO**  
**NOITES MUSICAIS**  
**SABELA KING & THE**  
**HEARTBREAKERS**  
ás 22:00h na praza do Convento



**DOMINGO, 4 AGOSTO**  
**DOMINGOS INFANTÍS**  
**MÚSICA MIÚDA EN**  
**CONCERTO**  
ás 12:00 h no cantón de San Roque



**VERMÚ NO CAMIÑO**  
**CARLOS BAU DÚO**  
ás 13:00 h zona vella de Melide



**SÁBADO, 10 AGOSTO**  
**NOITES MUSICAIS**  
**LUCÍA ALDAO**  
ás 22:00 h na praza do Convento

**DOMINGO, 11 AGOSTO**  
**DOMINGOS INFANTÍS**  
**ASACOCIRCO SHOW**  
ás 12:00 h no cantón de San Roque




**VERMÚ NO CAMIÑO**  
**VERSIONETTES**  
ás 13:00 h zona vella de Melide

**XOVES, 29 AGOSTO**  
**IOGA BAIXO AS ESTRELAS**  
ás 23:00h na praza do Convento

## SETEMBRO

**DOMINGO, 1 SETEMBRO**  
**VERMÚ NO CAMIÑO**  
**PABLO BALSEIRO TRÍO**



## O Pequeno besbello



### PSICOLOXÍA EDUCATIVA

- Avaliación psicoeducativa
- Elaboración de informes
- Terapia e intervención
- Trastornos e dificultades de aprendizaxe.
- TEA
- TDAH
- Comportamento e conduta

### REFORZO

- Clases de repaso
- Lectura e escritura
- Expresión escrita
- Obradoiro metacognitivo grupal (técnicas de estudo)
- Primaria. Secundaria

### CONTACTO

- ☎ 981 50 52 52 (tamén Whatsapp)
- ✉ pbesbello@gmail.com
- 📍 R/San Antón nº 5 baixo. Melide



**PIDE A TÚA CITA  
TAMÉN EN VERÁN**

## Hotel Lux Melide

Calidad, vanguardia y lujo a través de la sencillez

reservas@luxmelide.com 981 505 417



# Chiquitín

A parada no teu Camiño

- Almorzos
- Menú do día
- Unha carta con pratos moi variados
- Habitacións
- Terrazas

Tfno: 981 815 333  
Rúa San Antón, 18  
15800 Melide (A Coruña)  
[www.chiquitinmelide.es](http://www.chiquitinmelide.es)  
[info@chiquitin.es](mailto:info@chiquitin.es)

# Pulpería EZEQUIEL



Ctra. de Lugo, 48 - Cantón  
de San Roque (Melide)  
Tfn.: 686 583 378



## Os concellos da comarca xa contan coas piscinas municipais abertas para o verán



A piscina de Visantöña e os seus espazos verdes, todo listo para desfrutar este verán. / Foto: Concello de Santiso

Os concellos da comarca xa contan coas piscinas municipais abertas para a temporada de verán.

No caso de Toques, o horario de apertura é de luns a domingo, dende as 13:00 ata as 21:00 horas. A entrada diaria ten un custe de 2 euros para maiores de 15 anos, de 1 euro para os de entre 4 a 14 e gratis para os menores de 3 anos.

A maiores, hai abonos dispoñibles para 7, 14, 21 ou 30 días (non teñen porque ser consecutivos), en modalidade familiar e individual. Os prezos varían de entre 5 e 60 euros, dependendo das xornadas e a modalidade. Para conseguir estes vales é preciso acudir ao Concello pola mañá.

As piscinas de Visantöña (Santiso), Furelos

(Melide) e Sobrado son gratúas.

O horario das piscinas de Furelos é de 12:00 a 20:00 horas os 7 días da semana. No caso de Visantöña, a piscina estará aberta de luns a domingo, de 16:00 a 20:30h. Por último, Sobrado abre este espazo de verán de 12:00 a 20:00 horas, durante todos os días da semana.

## Sobrado acollerá novas edicións do Día da Bici e o Corretroita



Varios ciclistas como os que sairán de Sobrado o Día da Bici. / Foto: iStock

O concello de Sobrado acollerá novas edicións do Día da Bici e o Corretroita.

No caso da actividade ciclista, realizarase o domingo 28 de xullo ás 11:00 horas. A saída realizarase dende a Praza principal da localidade.

Por outra banda, a carreira popular, denominada, Corretroita celebrará a súa sétima convocatoria

o vindeiro 10 de agosto ás 18:30 horas.

Para participar no Corretroita, as persoas interesadas poden inscribirse a través de carreirasgalegas.com, no apartado correspondente.

Esta carreira ten un percorrido de 8 quilómetros, na categoría absoluta, ao redor do concello de Sobrado.

**Tchin Tchin**  
VERANO

**2 GAFAS MÁIS POR 1€ MÁIS\***

**LA TERCERA PARA TI O PARA REGALAR**

**C/ RONDA DA CORUÑA, 16**  
**MELIDE - 981 506 097** (E-15-001258)

**ALAIN AFFLELOU**

PIDE TU CITA  
afflelou.es



## O CIRE remata a temporada poñendo as bases dun equipo sénior ambicioso

*Os Benxamíns consiguen o ascenso de categoría*

Estamos escribindo as derradeiras da temporada 23/24 do CIRE e xa pensando, con máis forza se cabe, nas primeiras palabras que terán que adornar o proxecto da vindeira: ilusión, esforzo, compromiso e ambición. Porque desde o CIRE, con humildade, pensan que os pasos que se están dando arredor do primeiro equipo son os adecuados para, polo menos, intentalo a temporada que vén. Todo se andará, pero coa continuidade do Corpo Técnico despois dun primeiro ano de moitas caras novas, e constatando xa a día de hoxe, ademais, que seguirán apostando polo CIRE unha inmensa maioría dos xogadores que conformaron o cadro de xogadores esta temporada, o optimismo crece e moito.

Esa continuidade vese reforzada, tamén, coa incorporación de 3 caras novas xa confirmadas, que lle darán máis fortaleza e calidade ao equipo. Desde a Directiva coméntase que “traballouse rápido e ben para tratar de que os xogadores quedasen e reforzar os postos que máis necesitásemos”.



Os xogadores e xogadoras do equipo de benxamíns co seu adestrador, unha vez conseguido o ascenso. / Fotos: CIRE

Pero de todo isto haberá tempo de falar cando a vindeira temporada comece.

Con respecto á que ven de rematar, e seguindo a falar do primeiro equipo, un grupo totalmente renovado, con calidade e moita xente de Melide e contorna, conseguiu un meritorio cuarto posto que non deu opción de ascenso. Faltou pouco, aínda así. Durante a temporada todos/as tivemos a sensación de que... puidera ser. Pero faltou un pouco de regularidade nalgún partido que se

escapou por falta de acerto.

Nas categorías base houbo de todo, como en botica. Esperábase moito do grupo que conforman os Xuvenís pero a temporada foi moi irregular e, desde logo, con resultados por debaixo do esperado. A moitos deles quedánlles 2 ou 3 anos máis na categoría para demostrar a calidade que teñen. Non se puido quedar entre os 10 primeiros e coa reorganización de categorías “perderase” un chanzo.

Cadetes e Infantís

competiron por tratar de quedar tamén en Primeira (por esa reestruturación de categorías) e conseguírono, con máis ou menos traballo. Pero é meritorio, porque as competicións son longas e manter unha regularidade non é tarefa doada. Os Alevíns fixeron unha temporada de menos a máis, e quizais se a temporada durase un pouco máis o resultado final tería sido mellor, pero aínda así competiuse moi ben. A grata sorpresa veu da man dos Benxamíns, que tamén

fixeron un rush final de temporada moi bo conseguindo o ascenso no último partido da Liga Ouro en O Pino. Por último, os Prebenxamíns tamén nos deron moitas alegrías, quizais inesperadas pola curta idade dalgúns dos seus xogadores, aínda bibe-róns. Pero as ganas, o bo grupo e a boa xestión do mesmo puideron máis e en Primeira Autonómica conseguiu-se un terceiro posto espectacular.

Desde a Directiva comentan que “temos que conseguir que a xente poña en valor o traballo que desde as diferentes asociación, clubs, facemos para poñer o nome de Melide onde corresponde” porque “custa moito sacar os proxectos adiante, moito”. O agradecemento ao Concello de Melide, Xunta e Deputación polo apoio recibido, esténdese ás empresas que, a través de patrocinio ou colaboración, poñen o que poden para axudar. E, como non, aos socios/as que nos axudan. Comenta un directivo do club que “vemos moita xente no Municipal, cada ano máis, e iso reconforta moito e motiva para seguir. Gracias!”.

#EUSONDOCIRE

PATROCINADORES:

**softee**  
by Jim Sports

**A Garnacha**  
Palpería

**CLM**  
Construções Leonardo Miguélez sl

**Anic**  
DIFUSIÓN  
comunicación gráfica

**Royal JR**  
JOYERÍA

Hotel Restaurante  
**Xaneiro**

**Conde Ruben**  
GANADOS Y TRANSPORTE

**Muebles PAULA**

**TERRA DE MELIDE**  
QUEIXOS

**SIC CLICKFER**  
**LINEAS**  
contract

**Chiquitín**

CAFETERIA  
**SOBAINA**

Licores elaborados desde 1954  
**CASA MEJUTO**

**YETHI**  
CARBURANTES

COLABORADORES:

Concello de  
**Melide**

Deputación  
DA CORUÑA

**DEPORTE GALEGO**

## O 1º Torneo Adeslas de pádel será os días 18, 19 e 20 deste mes en Melide



Un xogador de pádel como os que competirán no Torneo Adeslas. / Foto: iStock

O 1º Torneo Adeslas de pádel será os días 18, 19 e 20 deste mes en Melide, nas pistas no Club Ico Pádel.

Esta competición conta coas seguintes modalidades: masculina, femi-

na e mixta. Na masculina haberá 4 categorías, na feminina 2 e na mixta 1.

As persoas interesadas en participar neste torneo poden anotarse en [mistorneosonline.es](http://mistorneosonline.es) ata o

vindeiro luns, 15 de xullo. As prazas son limitadas. Aqueles xogadores ou xogadoras que precisen máis información poden acudir ata o Club Ico Pádel ou contactar co mesmo a través de Instagram.

A participación neste evento deportivo inclúe: *welcome pack* con camiseta e mochila. Os premios para os gañadores e gañadoras deste torneo van dende medallas e trofeos ata unha noite no Balneario de Mondariz.

Esta competición está patrocinada pola Oficina de Adeslas en Melide.

Ademais, neste centro deportivo melidense realizarase o I Campus Infantil de Verán en 2 convocatorias: do 16 ao 18 de xullo e do 29 de xullo ao 1 de agosto, en horario de 10:00 a 14:00 horas.

## O grupo Seguridad Social actuará na Festa da Troita



Os membros de Seguridad Social que actuarán na Festa da Troita. / Foto: RRSS

O grupo Seguridad Social actuará, o vindeiro 10 de agosto, na tradicional Festa da Troita de Sobrado dentro do XVIII Festival de Música Intercultural da Xuventude.

O Concello homenaxeará, un ano máis, ao seu produto estrela cun día

de troula, no que o peixe e a música serán os principais protagonistas.

Esta formación valenciana levará a Sobrado os seus grandes clásicos como "*Chiquilla*", "*Quiero tener tu presencia*" ou "*Comerranas*".

## O 2025 será o ano da poesía popular oral e as cantareiras



Teresa, Prudencia, Manuela e Adela en Mens no ano 1982. / Foto: F.A.F.A

A Real Academia Galega vén de anunciar que o Día das Letras Galegas de 2025 dedicarase as cantareiras e a poesía popular oral.

"A lingua galega continuou viva e vizosa durante séculos, malia as prohibicións e a súa des-

aparición do espazo oficial, porque o pobo galego a custodiou. En particular as mulleres preservaron a lingua e crearon anonimamente unha poesía popular transmitida nas cantigas das avoas ás netas", destaca a proposta aprobada.

## O saldo vexetativo da zona da Terra de Melide pecha en negativo o ano 2023



Unha muller de idade adulta paseando, por un parque cheo de árbores, co seu bebé no carro. / Foto: iStock

O saldo vexetativo, é dicir, a diferenza entre nacementos e defuncións, no 2023 na comarca da Terra de Melide pecha en negativo con 139 defuncións máis que nacementos.

O concello con maior saldo vexetativo negativo

é Melide, con 50. Na vila melidá naceron 53 nenos e nenas o pasado ano. En Toques, só naceron 3 cativas e houbo un saldo negativo de 15 persoas. Sobrado é, despois de Melide, onde máis se nota a diferenza entre nacementos e defuncións,

43. Neste municipio naceron 6 nenos e nenas. Para rematar, Santiso lévase a peor parte en canto a nacementos, xa que non tiveron ningún en 2023 e faleceron 31 persoas. En toda Galicia só 3 concellos teñen saldo vexetativo positivo.

## O Festival SBK inundará de baile as rúas do municipio



Decenas de persoas disfrutando do Festival SBK no ano 2022. / Foto: F.SBK

O Festival SBK Melide inundará de baile as rúas do municipio durante a fin de semana do 27 e 28 de xullo.

Este evento, organizado pola Asociación de Mulleres Rurais Alecrín, contará con: talleres, DJ,

espectáculos, taxis *dancer*, degustación gratuíta de produtos, sorteos e regalos directos, premios e unha gran queimada.

O Festival SBK Melide é totalmente gratuíto para os amantes do baile.

## A Festa de San Cristovo contará co Trío Merengue e a Charanga Leña Verde



Un camión decorado para a ocasión pasa xunto o palco de bendicións no San Cristovo do 2023. / Foto: Turismo Melide

A Festa de San Cristovo de Melide contará co Trío Merengue e a Charanga Leña Verde para poñer música a este día de troula.

Este sábado, 13 de xullo, celebrárase na vila a Festa de San Cristovo. A fes-

tividade comeza ás 12:00h co pasarrúas de Leña Verde, continúa ás 13:00h coa misa na explanada da Feira para de seguido lanzar fogos de artificio e a caravana de bendición dos vehículos no Cantón de San Roque.

Ás 15:00h, haberá sesión vermú co Trío Merengue, unha hora despois realizarase a comida de fraternidade en Furelos (se o tempo o permite) e, para rematar, ás 19:00 horas comeza a verbena.

## O Museo da Terra de Melide acolle a exposición de Maximiliano López



Alguns dos cadros da exposición de Maximiliano López, dispoñible no Museo da Terra de Melide. / Foto: Museo T.M

O Museo da Terra de Melide acolle a exposición de pintura de Maximiliano López ata o próximo mércores, 17 de xullo.

Nesta colección de cadros, López amosa nas súas diversas creacións diferentes técnicas de pintura.

Nas obras destaca o estilo realista e cun coidado minucioso dos detalles. Esta exposición ten como inspiración distintas persoas en varias situacións, así como paisaxes e obxectos.

Maximiliano López expón 20 obras nesta colec-

ción. Algunhas das técnicas empregadas son: óleo sobre papel, lapis grafito sobre papel e acrílico sobre cartón ou óleo sobre cartón.

A sala o do Museo da comarca ten expostas estas obras e podense visitar de xeito gratuíto.

## O XLII Torneo Fútbol Sala comeza o luns 29 de xullo

O cartel do XLII Torneo Fútbol Sala no concello de Melide. / Foto: Cire Melide

O XLII Torneo Fútbol Sala no concello de Melide comeza o luns 29 de xullo no Polideportivo municipal.

As categorías desta competición serán: feminino, prebenxamín, benxamín, sénior, alevín, infantil e cadetes.

Os equipos interesados en participar teñen ata o 26 deste mes, ás 20:30 horas, para facelo en Xoiería Roval.

A entrada para ver os partidos é gratuíta, agás a do final que terá un prezo de 2 euros.

## "A nosa experiencia como familia de acollida non ten palabras, mellor dito, non se pode dicir en palabras"

Di o Dicionario da RAG que familia é: "conxuto de persoas unidas por lazos directos de parentesco, especialmente o constituído polo pai, a nai e os fillos". Porén, cando unha coñece historias como a desta familia dase conta de que é moito máis. A familia é axudar, querer, acompañar e apoiar a outra persoa sen esperar nada a cambio. Isto é o que dende o ano 2014 fan Edi e Rafael con Valeria, e viceversa.

### - Como foi a vosa experiencia como familia de acollida?

- **Edi Carregal:** A nosa experiencia como familia de acollida non ten palabras, mellor dito, non se pode dicir en palabras. É emocionante e moi satisfactoria. Esa sensación de que estás facendo algo a cambio de nada non é certa, recibimos moito porque todo o cariño e respecto que ela nos dá supera o que nós facemos. Ser familia de acollida supón unha satisfacción plena e sería moi interesante que máis persoas puideran vivir esta experiencia tan marabillosa.

Valeria cando chegou non coñecía a nosa cultura nin as nosas linguas e que puidera ter a oportunidade de coñecerlas, xa que nada teñen que ver coa idiosincrasia social que lle toca vivir no seu país de orixe, pois é marabillosa.

### - Recordades o inicio desta historia familiar?

- **E.C:** Os primeiros momentos non foron fáciles. Non obstante, ela sempre foi unha nena moi dócil, respectuosa coas normas e que se adaptou moi ben a nós. As dúas parte puxemos empeño por adaptarnos.

- **Valeria Zenchenko:** A primeira vez para min foi moi difícil porque eles eran outra familia totalmente nova e o entorno tamén era completamente diferente, era todo moi distinto. Porén, despois de tanto tempo conseguín entender a familia e as tradicións.

### - Que impresión tes das nosas costumes e cultura?

- **V.Z:** A min gústame moito isto porque en Rusia hai moita xente que non pode expresar tanto as súas emo-



Rafael Guerrero, Valeria Zenchenko e Edi Carregal o día da entrevista co xornal Cerne. / Foto: Cerne

cións co resto das persoas e aquí si. A cultura é moi diferente á de Rusia pero adapteime rápido.

- **E.C:** Valeria acostouse e adaptouse de xeito sinxelo ás mostras de afecto. Somos xente moi cariñosa e, a pesares de que na súa cultura non son tan habituais as mostras de afecto, acostouse moi pronto a elas e a expresas as súas emocións con nós. Isto foi o primeiro que lle impactou da nosa cultura, logo tamén a liberdade de falar cuns e outros, así como de ter unha vida social aberta. Sentímonos satisfeitos de que ela poida manifestar os seus sentimentos sen reparos.

### - Cando decidides ser familia de acollida?

- **Rafael Guerrero:** Eu sempre tiven unha curiosidade que se repetía todos os anos: ampliar a familia a través dunha acollida. Non obstante, chegaba o momento e nunca o faciamos. A min gustárame recriminar á sociedade, de xeito global, esa actitude que eu non

souben superar ata o 2014. Nun primeiro momento, comecei a informarme sobre os procesos de acollida e atopei a Asociación Leticia Cativa. Cando conseguín contactar con esta entidade comunicáronme que xa estaba pechada a lista de familias de acollida para ese ano, a pesares diso enviámos a documentación por se quedaba algunha vacante. Unhas semanas despois, presentáronse uns membros da Asociación para valorar o posible fogar de acollida e, un mes despois, comunicáronnos nunha reunión que teríamos unha nena en acollida durante o verán. Esa nena de 11 anos era Valeria Zenchenko e viña da zona afectada polo accidente nuclear de Chernóbil. O día da chegada de Valeria ao aeroporto foi moi emocionante, o primeiro que lle dixen foi en ruso e traducíase como "chámome Rafael e ti moi guapa". Nunca antes fala ruso polo que nin nós sabiamos ruso nin ela español.

### - Tedes relación coa familia rusa de Valeria?

- **R.G:** Si, estamos constantemente en contacto por videochamada ou mensaxe. A súa familia en Rusia é moi afectuosa con nós.

- **E.C:** Nós queríamos que, dende o principio, a súa familia vise que eramos xente que iamos coidar da súa filla.

- **R.G:** Hai que poñerse na pel destes nenos e nenas. Imaxínate con 7 anos, viaxar durante 24 horas, chegar a un país totalmente descoñecido e non saberquen te vai a recoller.

### - Como se xestionou esta viaxe de reencontro logo de varios anos sen vervos?

- **R.G:** Cando ela era pequena, a Asociación encargábase de todas as xestións pero agora tocounos facelo a nós. A maiores, tivemos que contratar un seguro médico privado que implica un custo porque agora non a cubre o convenio que tiñan entre a Asociación e o Sergas. Logo, enviamos toda esta

documentación á Administración rusa para que lle puideran expedir o visado porque ao vir a pandemia deixou de habelos.

- **E.C:** En ningún momento deixamos de estar en contacto con ela e coa súa familia. A súa familia é moi agradecida e agarimosa con nós, non deixan de agradecer-nos o trato que tivemos con Valeria e no noso caso tampouco de agradecerlles a eles a súa confianza para deixala vir sen coñecernos de nada.

### - Valeria, a túa familia como coñeceu este proxecto da Asociación Leticia Cativa?

- **V.Z:** Unhas amigas dixéronlle a miña nai que había un proxecto para vir aquí a España cunha familia de acollida, decidiu chamar e anotarme.

### - Que é o mellor de volver ver a Valeria?

- **E.C:** Cando chegou, nun principio, os límites e as normas non viñan moi asimiladas pero que logo acatounas perfectamente. É unha moza moi ordenada, organizada e moi persistente nos estudos. De feito, eu son profesora e cando viña o verán gustábame descansar dos contidos da aula pero con ela tocaba estudar un pouquiño as linguas para que aprendera castelán, pois cando lle dicía de ir á praia ela preguntaba cando estudabamos castelán. É mais, ela tamén me ensina-ba a min ruso pero Valeria é unha mestra moi esixente.

- **R.G:** Valeria é premio especial de toda a etapa escolar. Actualmente, acaba de rematar 3º de medicina e case todo con sobresaliente.

- **E.C:** Ademais, é unha moza moi sensibilizada coa paz no mundo.



ALBERTO RODRÍGUEZ, CAFETERÍA - PASTELERÍA ESTILO

## “O valor engadido de Pastelería Estilo é a boa receita, calidade e a frescura das elaboracións”

- Como foi a Festa do Melindre e a Repostería Tradicional?

- **Alberto Rodríguez:** Superamos expectativas. Producimos e vendimos máis que o ano anterior e, podemos dicir que, ninguén marchou sen os doces tradicionais da vila. O domingo sempre é o día de maiores vendas porque é cando máis afluencia de xente hai, pero o sábado é unha xornada que medrou a pasos axigantados, pasou de ser algo residual a ter entidade propia. A maiores, no noso caso, tanto a semana anterior como a posterior á Festa do Melindre temos un incremento de vendas destes doces. Polo tanto, podemos dicir que o evento abarca case tres semanas.

- Cales son as previsións para este verán?

- **A.R.:** O punto de saída para nós é a Semana Santa, dado que en pastelería son unhas datas sinalas, continuamos coa Festa do Melindre e a Repostería Tradicional, Día da Nai e logo xa aparecen os peregrinos e visitantes. Para nós o máis forte da temporada de verán remata o 22 de agosto. A época estival é moi intensa e o noso cadro de persoal ten que adaptarse a iso. Non obstante, chegar a todo no verán é imposible, especialmente no noso produto, porque non dás xerado un stock significativo para tanta demanda.

- Como se xestiona este aumento do ritmo de traballo?

- **A.R.:** Durante os primeiros anos eu sufría un pouco porque quería chegar a todo. Porén, dende fai uns anos decidín que nós imos intentar abarcar todo o que poidamos pero sendo conscientes de que a todo é imposible. O desgaste destas semanas é grande por iso hai que marcar uns límites.



Alberto Rodríguez na presentación da pasada edición da Festa do Melindre na Coruña. / Foto: Festa do Melindre

A mellor maneira de xestionar a temporada alta é non crear unhas expectativas enormes e cumprir coa clientela.

- Os peregrinos e peregrinas teñen interese nos nosos produtos típicos?

- **A.R.:** Si, hai principalmente dous perfís de peregrinos: por unha banda, os que veñen en primavera/outono que traen máis tempo e tranquilidade, fan etapas curtas, párase máis nas vilas e aproveitan para pasear e coñecer os lugares. Ademais, soe ser xente que vén documentada e trae curiosidade por saber e probar, neste caso, os ricos, melindres e amendoados. Pola outra banda, están os peregrinos e peregrinas de verán que, por mor da calor, camiñan pola mañá cedo e pola tarde aproveitan para visitar monumentos, tomar algo nas terrazas e merendan. Para nós esta merenda é un punto forte, pódoches dicir que vendemos tantos

pasteis de queixo en porcións como enteiras.

- A parte da repostería tradicional tamén elaborades outro estilo de doces. Cal é que máis demanda a clientela?

- **A.R.:** A repostería tradicional acompañada dos doces con base de follados (por exemplo, cañas ou glorias.) Co tempo, fomos introducindo outros produtos aos que a xente respondeu moi ben como os *canelés* de Burdeos, a torta de Santiago ou a de queixo. De cara ao verán intentamos meter elaboracións máis frescas como semifríos de limón ou chocolate. En definitiva, non somos só repostería tradicional.

Neste ámbito, temos clientela que xa coñece este tipo de doces e os demanda e tamén outras persoas que confían tanto en nós que xa o deixan á nosa elección.

- De cara ao verán, mellor reservar as nosas encargas previamente?

- **A.R.:** Si. Nós cumprimos

sempre as encargas, é un obxectivo principal. De feito, nunca sacamos produto á vitrina ata que as encargas están todas postas e controladas. A frescura e calidade das elaboracións é fundamental, por iso preferimos que a xente encargue os doces. Logo, de cara ao inverno adaptamos a nosa produción á venda.

- A gastronomía galega goza de moi boa saúde e é valorada en gran parte do mundo, como se chegou a esta situación?

- **A.R.:** Penso que este fenómeno comeza dende fóra. Se algo identifica a Galicia é a boa comida e a paisaxe. Sempre valoramos que se come ben aquí, dende o primeiro prato ata a sobremesa, pero dende que nolo din os que veñen de fóra como que o cres máis. Hai xente que escolle como destino de vacacións Galicia pensando nesta zona como refuxio climático, para escapar das altas temperaturas doutros lugares, e porque sabe que

se come ben.

A gastronomía é un bo baluarte para vender o que temos. Hai xente que non precisa da alta cociña para desfrutar e faino con produtos moi sinxelo e clásicos, un exemplo disto é unha tortilla e uns pementos de Padrón.

- Cal é o valor engadido de Cafetería - Pastelería Estilo?

- **A.R.:** Partimos dunha receita boa, herdada de meu pai e miña avoa, que xa é un valor seguro. A maiores, realizamos produtos a diario para que todas as elaboracións sexan o máis frescas posibles, isto a clientela valóralo moito. A calidade do produto, a boa receita e a frescura das elaboracións son os nosos valores engadidos.

- Ti que participas en actividades con centros educativos e de formación profesional, están ben orientados de cara ao ámbito laboral?

- **A.R.:** Para nós que existan este tipo de escolas é clave, dado que estamos profesionalizando un sector que non o estaba ata hai pouco tempo. Isto danos a posibilidade de ter acceso a persoal formado e non ter que formalo nós. O alumnado xa chega cunha base, fala o teu mesmo idioma e a partir de aí adáptanse moito máis rápido a nosa forma de traballar. O que máis me gusta de cando veñen rapaces e rapazas de prácticas é que sempre deixan algo que nos permite mellorar (ideas ou elaboracións). O alumnado vén aquí para aprender de nós, pero nós tamén queremos aprender deles.

**Cafetería - Pastelería  
Estilo**

Rúa Progreso, 6  
Melide (15800)


Tlf: 981 50 51 53



## CAMPAÑA DE DETECCIÓN PRECOZ DE LA PÉRDIDA AUDITIVA

2023

**NUESTRA MISIÓN EMPRESARIAL ES HACER SU VIDA  
MÁS SENCILLA CON UNA SOLUCIÓN BRILLANTE**



**Se colocan totalmente dentro del oído, prácticamente invisible.**

No solo es un excelente audífono, es una verdadera solución multifuncional.

- ✓ **Sonido claro y variado.**
- ✓ **Conexión a teléfonos inteligentes, TV y más**

✓ **Tecnología recargable** (olvídense de las pilas), se cargan rápidamente y ofrecen un día completo de audición.

✓ **Se activan automáticamente** al retirarse del cargador y se desactivan cuando se vuelven a colocar.

## PRUÉBELOS ¡UN MES GRATIS! EN CASA

### Y PÁGUELOS CÓMODAMENTE EN PLAZOS DE 3, 6, 12 Ó 36 MESES

Solicite **UNA CITA** en nuestro Centro Auditivo para realizarle un completo examen auditivo, **sin coste para usted**



E-15-001359

**INSTITUTO DE LA SORDERA S.L.**  
Ronda da Coruña, 34  
15800 Melide - A Coruña  
Tel.: 981 50 72 87  
648 75 47 61

**Pedir hora**

